

Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Bases XIX Liga e XIX Copa municipais de fútbol sala. Tempada 2017-2018

ANTECEDENTES

O prazo para realizar as preinscricións nas actividades anuais culturais e deportivas 2017-2018, entre as que se atopa a Liga municipal de fútbol sala rematou o 15 de setembro de 2017, e o prazo de inscrición rematará o próximo 22 de setembro.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Decreto n.º 822/2017, con data 31 de agosto de 2017, onde constan as bases das actividades culturais e deportivas 2017-18, entre as que se atopa a XIX Liga municipal de fútbol sala.
2. Informe-proposta da traballadora do Servizo Cultura-Deportes, dona Josefina Maestu Almeida, con data 21 de setembro 2017, conformado pola concelleira delegada da Área de Cultura, Ensino e Deporte, no que propoñen as Bases específicas desta actividade: XIX Liga e Copa municipais de fútbol sala.

En virtude das atribucións que confire a alcaldesa o artigo 21.1 da Lei de bases de réxime local, e de acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

Primeiro.- Que se desenvolva a XIX Liga e a copa municipais de fútbol sala, como máximo con 18 equipos.

Segundo.- Aprobar as bases específicas da XIX Liga e a copa municipais de fútbol sala, que constan a continuación:

“1. SELECCIÓN DE EQUIPOS:

1.1. Como máximo na liga participarán 18 equipos.

- **Período de preinscrición:** os equipos que desexen participar na XIX Liga municipal de fútbol sala do Concello de Bergondo, tiveron o prazo de preinscrición entre os días 11 e 15 de setembro de 2017.

- Na preinscrición tiveron que indicar os seguintes datos:

- O nome do equipo e localidade.
- Color camiseta.
- O nome, apelidos, teléfono e enderezo do primeiro e segundo delegado.
- Preferencia para xogar os partidos.
- A relación de xogadores: número de xogador, nome e apelidos, DNI, data de nacemento, teléfono, e se están ou non empadroados no Concello de Bergondo.
- Cada equipo estará constituído como máximo por 12 xogadores, o mínimo para preinscribirse foi de 8 xogadores.

- Para poder ter esta preferencia os equipos do ano anterior, teñen que manter como mínimo 4 dos xogadores, inscritos ó final da Liga anterior. Podendo cambiar o nome por motivos de patrocinio, neste caso o delegado do equipo terá que cubrir unha solicitude e presentala no rexistro de entrada deste concello, onde se explique o cambio de denominación do equipo, e os xogadores que se manteñen con respecto á pasada liga.

- En canto aos equipos novos, terán preferencia aqueles equipos que teñan 4 xogadores preinscritos empadroados neste concello.

- O prazo para tramitar a inscrición e do 18 ao 22 de setembro de 2017.

- O equipo Campión de Liga do ano anterior, non pagará o prezo público correspondente á inscrición na XIX Liga Municipal de Fútbol Sala 2017-2018.

- Para formalizar a inscrición son necesarios ademais da documentación requirida na preinscrición a seguinte documentación:

- Como mínimo teñen que constar os xogadores da preinscrición.
- O pago de 325,00 €.
- A folla de fichas cuberta coa foto e datos de cada xogador.

- O delegado do equipo que asina a pre/inscrición declara ser certos os datos aportados: en caso de que o servizo detecte falsidade nestes datos, o equipo causará baixa inmediatamente sen dereito á devolución da cota aboada.
- O xogador, delegado ou adestrador que cause danos nas instalacións ou no material, deberá repoñelos obxectos ou mobiliario estragado.

1.2. Na Copa de fútbol sala como máximo participarán 16 equipos. Antes de rematar a Liga, o Comité de Competición determinará cantos equipos pasan a disputala Copa municipal de fútbol sala.

2. O COMITÉ DE COMPETICIÓN: estará constituído por:

- A concelleira delegada da Área de cultura, Ensino e Deporte dona Patricia Vázquez Figueroa ou suplente, a alcaldesa Alejandra Pérez Máquez.
- A traballadora do Servizo de cultura e deportes, dona Josefina Maestu Almeida, ou suplente, dona Vanessa Barral Fariña.
- Un/ha traballador/a da empresa adxudicataria do contrato de servizo para a prestación desta actividade.

3. DÍAS E HORARIO QUE SE XOGARÁ A LIGA

- **Luns**, 3 partidos: de 21:00 a 21:50, de 21:50 a 22:40 h e de 22.40 a 23.40 h
- **Martes**, 3 partidos: de 21:00 a 21:50, de 21:50 a 22:40 h e de 22.40 a 23.40 h
- **Xoves**, 3 partidos: de 21.00 a 21:50 h, de 21:50 a 22:40 e de 22:40 a 23:30 h.
- Por motivos organizativos poderíanse cambiar o número de partidos dos luns, martes, mércores e xoves.

4. COMEZO DA LIGA E DA COPA.

A Liga municipal de fútbol sala 2017-18 comezará a semana do **23 de outubro**.

A Copa municipal de fútbol sala comezará cando remate a liga.

5. REGLAS DE XOGO

5.1.- COMUNICADOS

Cando se lle comunique a algún equipo unha sanción por escrito e este non asine o recibín, con poñela no taboleiro de anuncios do Pavillón Municipal de Guísamo, a organización considera que se ten que dar por enterado. Isto pode afectar tanto ao equipo sancionado coma ao resto dos equipos participantes na liga.

5.2.- CALENDARIO

O calendario das xornadas da liga entregaranse a partir do 16 de outubro e comunicarse por teléfono aos delegados dos equipos entre o día 16 e 18 de outubro de 2017. O calendario da liga estará exposto no taboleiro de deportes situado na Casa da Cultura e na páxina web do concello.

5.3.- OS EQUIPOS

Lugar para os equipos: non se fará cambio de banco no descanso do partido.

Non se poderá comezar o partido sen a presenza dun adulto responsable, no caso de equipos cos xogadores menores de idade.

Soamente os delegados poderán facer representación dos xogadores e do equipo.

Nos bancos e no recinto de xogo, soamente poden estar as persoas que teñen ficha, e **que non están sancionadas**.

Se hai persoas sancionadas nos bancos, ou que non teñan ficha, **o equipo será sancionado polo Comité de Competición**.

5.4.- CAMPO DE XOGO

Só poderán estar nos bancos os xogadores e os delegados que teñan ficha, e que non estean sancionados.

5.5.- BALÓN DE XOGO

A empresa adxudicataria porá os balóns para xogar os partidos da Liga e Copa, no Pavillón Municipal de Guísamo.

5.6.- XOGADORES

Aqueles xogadores menores de idade teñen que presentar unha autorización paterna/materna ou do titor, para poder participar nesta Liga.

O número máximo de persoas (xogadores, delegados e adestrador) por equipo será de 12.

O número mínimo de xogadores regulamentario para comezar o partido é de 5, pero a organización desta liga e copa, acorda que o número **mínimo será de 4**, ao considerar que doutra maneira, moitos partidos non poderían comezar. O partido suspenderase se na superficie de xogo quedan 3 xogadores nun dos dous equipos.

Se un equipo ten inscritos menos de 12 xogadores, pode dar altas ata a 12 xornada de liga, ata completar os 12 xogadores.

Na Copa non se poden dar altas.

Os xogadores non serán dados de alta na liga sen presentar unha foto e a ficha asinada.

Cando un equipo desexe dar de alta algún xogador, deberá presentar a documentación na Casa de Cultura, en horario de 9.00 a 15.00 horas, antes do venres da semana anterior á que queiran comezar a xogar. Sempre e cando non sexan xa 12 xogadores no equipo e que non sexa a partir das últimas 8 xornadas.

Non se poderán dar altas por baixas, exceptuando os seguintes casos: cambio de enderezo, traballo ou lesión deportiva.

5.7.- UNIFORMIDADE

A uniformidade dos deportistas será de camiseta e pantalón curto. O xogador mal equipado será retirado da cancha de xogo.

Cando, no caso de eliminación dos xogadores incorrectamente uniformados, supoña a incompatibilidade de xogar o partido, subsanarase no posible o feito (utilizar petos numerados). Poderase levar calquera número na camiseta, sendo soamente obrigatorio levalo por detrás.

5.8.- O ÁRBITRO

Designarase un árbitro para dirixir cada partido.

5.9.- XUÍZ DE MESA

Designarase un xuíz de mesa que ten as funcións de anotador-cronometrador, axudando ao árbitro pola banda na que o cronometrador se atope.

5.10.- DURACIÓN DO PARTIDO

O partido constará de dous tempos de vinte minutos a reloxo corrido, tendo autoridade o árbitro ou/e a mesa, para deter o tempo cando así o consideren necesario.

O tempo máximo de descanso será de 5 minutos, podendo ser menor.

6. NORMAS DE COMPETICIÓN

6.1.- No momento de entregar a inscrición os equipos poderán entregar algunha preferencia para xogar os partidos. Estas preferencias poderán ser de días e de horario. Estes días e horarios intentaranse respectar, na medida do posible, pero haberá partidos en que non se poderán respectar porque será difícil ter en conta todas as preferencias en todos os partidos.

6.2.- No campionato de Liga non poden darse altas de xogadores a partir da 13 xornada.

6.3.- Na Copa non se pode dar altas.

6.4.- Se os equipos coincidiran na cor da camiseta, terá que cambiar o equipo que figure na acta como visitante.

6.5.- No caso de que un equipo, no transcurso do partido, quedase con menos de catro xogadores, o resultado do partido será decidido polo Comité de Competición. Despois de valorar as alegacións dos delegados e árbitro, conforme ao seguinte baremo.

- Se gañaba ou empataba o equipo eliminado, perderá o partido por 3-0.

- Se perdía o equipo eliminado, gañará o outro polo resultado do momento de suspenderse o encontro, sempre que non sexa a diferenza inferior a tres goles, de non ser así manterase o 3-0.

6.6.- Os partidos poderán ser aprazados polo Concello, ou por causa maior con 24 horas de antelación.

6.7.- Na Liga e na Copa unha mesma persoa poderá exercer dúas funcións: xogador-adestrador, xogador-delegado, sempre que cumpran cos requisitos necesarios.

6.8.- As accións do tipo de xogo: xogo violento, agresións e intentos das mesmas, serán sancionadas polo Comité de Competición podendo dar lugar á descalificación do xogador/es ou equipo, **sen devolución da cota de inscrición.**

6.9.- **Só se poderá dar un aprazamento de partido por equipo**, tendo en conta que non se pode **aprazar ningún partido nas últimas cinco xornadas da liga**, e na copa non se poderá aprazar ningún partido. Estes aprazamentos os ten que conceder o Concello.

6.10.- Si se produce un empate por puntos entre dous equipos na clasificación final, este resolverase pola maior diferenza de goles a favor, sumado os pro e en contra, segundo o resultado do partido ou partidos xogados, exclusivamente entre eles.

7. **NORMATIVA DISCIPLINARIA:** aplicable a delegados, adestradores e xogadores.

7.1.- **As accións do tipo de xogo:** xogo violento, agresións e intentos das mesmas, serán sancionadas polo Comité de Competición podendo dar lugar á descalificación do xogador/es ou equipo, **sen devolución da cota de inscrición.**

7.2- **Tarxetas amarelas:** cando un mesmo xogador acumule 4 tarxetas amarelas en diferentes partidos, non poderá xogar o partido seguinte ao partido onde se lle marcou esta tarxeta n.º 4. Se esta tarxeta coincide cunha tarxeta azul, serán dous partidos un por tarxeta azul e outra por acumulación de tarxetas amarelas. Os seguintes ciclos de tarxetas acumulables amarelas será de 3, de 2 e 1. Na Liga cada xogador poderá ter como máximo 10 tarxetas amarelas, **con 11 tarxetas amarelas o xogador será descalificado da Liga.**

7.3.- Azul indirecta (acumulación de amarelas,, etc...): 1 partido

Azuis directas :

- 1ª: 1 partido
- 2ª: 2 partidos
- 3ª: 4 partidos ou expulsión da competición

Combinación de tarxetas azuis directas + indirectas:

- 5 tarxetas: expulsión da competición

Tarxeta vermella:

- Tarxeta vermella: dependendo do que se poña na acta valorarase polo Comité de Competición a sanción que proceda.

7.4.- **Incomparecencias totais** (considerase incomparecencia, cando non comparece ningún xogador)

- Cando un equipo ten unha incomparecencia total, esta dará lugar á perda do partido para o equipo que non comparece, sen sumarlle ningún punto, e súmanselle os tres puntos ao equipo que comparece.

- Ás dúas incomparecencias totais na liga ou copa darán lugar á eliminación do equipo.

7.5. - **Incomparecencia parcial:** cando comparezan menos de catro xogadores, dará lugar á perda do partido, sumándose tres puntos ao equipo que comparece.

7.6.- Cando haxa unha incomparecencia parcial, ou total nos primeiros partidos disputados cada día, nestes partidos haberá un período de espera de 10 minutos. A continuación se xogaría o partido completo.

Nos restantes partidos non hai este tempo de cortesía, e se o equipo non comparece ou comparece parcialmente, os delegados dos dous equipos poríanse de acordo en xogar o tempo restante. Se non existise acordo cando comparezan menos de catro xogadores, dará lugar á perda do partido, sumándose tres puntos ó equipo que comparece.

Terceiro.- Que se constituía o **Comité de Competición** para a XIX Liga municipal de fútbol sala, como XIX Copa municipal de fútbol sala, que terá as seguintes funcións:

1. Organizar a XIX Liga e XIX Copa municipais de fútbol sala do Concello de Bergondo.
2. Velar polo cumprimento das bases, desta Liga e Copa municipais de fútbol sala.
3. Aclarar calquera aspecto que poida xurdir, en relación ás bases anteriormente mencionados.
4. Establecer as sancións que poidan xurdir, polo tipo de xogo ou comportamento dos xogadores/equipos inscritos.

Cuarto.- Que se comunique o presente Decreto ás persoas que constitúen o Comité de Competición, aos equipos que se inscriban na XIX Liga municipal e copa de fútbol sala e á empresa A Billarda S.L.”

En Bergondo, na data que figura na marxe.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

Dou fe;

A secretaria

Ana M^a Cacharrón Castelos